

ENSINO E REALIDADE: DE SARMIENTO A CASTELAO
(A IMPORTANCIA DO ENSINO COMO PEZA FUNDAMENTAL DA INSTITUCIONALIZACIÓN
GALEGA NA CONTEMPORANEIDADE)
María Pilar García Negro

"No sé cómo toleran los obispos que curas que no son gallegos ni saben la lengua, tengan empleo ad curam animarum y sobre todo la administración del santo sacramento de la penitencia. ¿Qué es el coloquio de un penitente rústico y gallego, y un confesor no gallego, sino un entremés de los sordos? Son innumerables los chistes vergonzosos que se cuentan de esa inicua tolerancia. Habrá quince días que un cura gallego natural me dijo que, confesando a una gallega, le dijo que ya había confesado antes con un castellano, pero que no creía que hubiese sido confesión, porque ni el castellano entendió a la gallega, ni esa al castellano".

FR. MARTÍN SARMIENTO: *Elementos etimológicos según el Método de Euclides* (1977).

Estas palabras do P. Sarmiento dan conta dun ruidoso conflito lingüístico que, naquela altura, se producía nos termos máis radicais e extremosos: incomunicación total entre galegos do povo e españois das institucións; monolingüismo galego xeneralizado; divorcio absoluto entre oralidades que resultan herméticas; substitución da opacidade do latín pola escuridade do español. O P. Sarmiento escolle un exemplo dun dominio amplamente significativo, cal é o uso eclesiástico, a institución con maiúsculas, por cuxa porta, todos, sen distinción de clases sociais, deberían entrar, nunha "igualación" -a anticipación da "democracia" da morte- que, na Galiza, nen sequer se producía, pola interquincencia invasiva do idioma do Estado e polo papel cómplice e colaboracionista da Igrexa Católica neste cometido. Dous anos despois de publicadas estas aseveracións, este testemuño tirado da máis crúa e flagrante realidade, publicase a Real Cédula de Aranjuez (25 de Xuño de 1768), asinada polo monarca, Carlos III, que na historiografía española pasa por modelo de reformismo e modernización. Este texto legal virá formalizar a unificación centralizadora nos asuntos xudiciais, na actuación eclesiástica e, polo que toca ao idioma, virá impor o uso do castelán en calquer actuación pública, oficial, e, en concreto, no ensino. A Disposición VII di textualmente:

"Finalmente mando que la enseñanza de primeras Letras, Latinidad y Retórica se haga en Lengua Castellana, generalmente, donde quiera que no se practique, cuidando de su cumplimiento las Audiencias y Justicias respectivas, recomendándose también por el mi

*Consejo á los Diocesanos, Universidades y Superiores Regulares para su exacta obsevan-
cia y diligencia en extender el idioma general de la Nación para su mayor armonía y enla-
ce recíproco”.*

Esta orde vai precedida dunha outra en que se indica que “cese el estilo de poner en latín las Sentencias”, tanto en tribunais seculares como en tribunais eclesiásticos, porque non eran comprendidas polas partes, e se redixisen en “romance” (en romance español, obviamente, non en romance galego), xa que “con más facilidad se explica el concepto y se hace familiar á los interesados”.

Velaquí, de forma elocuente, como asistimos ao nacemento de dúas modernidades con-
trastadas: a galega nace denunciando e esclarecendo; a española, impondo e unificando. Os
entusiastas defensores -de onte ou do presente- dunha reforma do ensino das Humanidades
nunha dirección remitificadora e españolizadora sería ben que gastasen algo do seu tempo en
examinaren, documentalmente, a realidade da fabricación dunha lingua “común” e dunha cul-
tura “común”, que nacen literalmente por decreto uniformizador. Uniformizador e totalitario,
na medida en que se sobrepón -succionándoas e vetándoas- a realidades nacionais, con lin-
guas, tradicións, historia e especificidade propias. Non se buscou a coabitación, o convívio
na diferenza, senón a expulsión e a redución ao patrón español: os antigos “propietarios” da
casa pasan, así, a seren “alugados” na mesma, no seu propio país, agora con argumentos
“civilizadores” e “armónicos”. Non se esqueza, pois, que as medidas modernizadoras da
monarquía borbónica que abre o século XVIII (substitución do latín polo español; creación da
escola pública; unificación xurídica; ampliación de mercados baixo a moeda única...) van,
entre nós, na Galiza, reforzar a desinstitucionalización que de vello padeciamos e aumentar a
distancia entre administrados e administradores, entre realidade social e superestruturas xurí-
dico-políticas. A conexión íntima entre os símbolos do novo Estado non cómpre imaxinala;
explicitamente a afirma, por exemplo, o informe que o “Real y Supremo Consejo de Castilla”
emite no mes anterior á promulgación da Real Cédula de Aranjuez citada:

*“... hay algunas [das propostas unificadoras que se realizan] que tienen entre si precisa
trabazón, como las de una Lengua y una Moneda, porque la primera es el signo común con
que se explican los actos Nacionales y la segunda es el signo Universal del valor de las
cosas en el Reino”. Nesta explicitación, a insistencia en que o ensino e as actuacións ecle-
siásticas deberían facerse en español xustificase porque “conviene a la mejor unión de
todas las Provincias de la Monarquía, que es un punto esencial sobre que debe trabajar
todo gobierno, para que depuesto todo espíritu provincial se subroge el laudable de la
Patria o Nación”*

(García Negro, 1991:215).

O século XVIII, como o XIX, como o XX, e até os nosos días, está inzado de legisla-
ción imperativa neste sentido, sen obviar as medidas punitivas correspondentes. Lonxe de cal-
quer acracia ou *laissez faire*, o novo Estado constroise e fortifícase a base de alargar, por todos
os territorios da súa xurisdición, o imperio da lei nova e das súas axencias, unha delas, a esco-
la pública, que resulta central na determinación do novo Estado ilustrado e burocrático, con
dous procesos en paralelo: a incipiente vindicación do galego, por parte dos ilustrados de

orixe galega, nomeadamente o P. Feixoo e o P. Sarmiento, e a imposición en firme do espa-
ñol como reforzada arma política.

Falámos antes de Ilustración galega, reputándoa -aínda dentro dos límites e das mar-
xes culturais do seu tempo- diverxente da española, por moito que os autores mencionados (e
outros que traballan dentro do campo da economía, como Cornide, Labrada, Pedro Antonio
Sánchez...) escriban en español e pertencen ao sistema cultural español. Vexamos de aclarar
a contradición, atendéndonos aos antecedentes no tempo. Se seguirmos a suxerente tese
do docente do profesor Manuel Ferreiro, a propósito da fenomenoloxía dos denominados sécu-
los escuros ou longo silencio da literatura galega, acharemos probabelmente explicación para
a caracterización da particular Ilustración galega. A produción escrita e literaria galega, após
a Idade Media, non soferiría un corte brusco e radical: ela desaparecería nunha sorte de burato
negro que a absorbería, sen permitir nen a súa visibilidade nen a súa transmisión. É así
como, no canto de existir un hiato tallante entre a espléndida produción medieval -signo dun
país, dun Reino como o da Galiza, autónomo e competitivo- e o Primeiro Renacemento do
XIX, habería, en troca, unha continuidade letrada, un fío de vida, iso si, marxinal, dispersa,
isolada, sen proxección nen protección institucional nengunha, e, por todo isto, doadamente
absorbíbel. Dito doutra maneira, os escasos testemuños escritos deste período hoxe conserva-
dos (incrementados, por certo, nunha pesquisa ben traballosa) serían os sobreviventes dun
naufraxio, aqueles que conservaron a memoria da travesía interrompida e aínda lembraban a
nave en perfectas condicións. Nesta hipótese, as pezas de que hoxe hai proba documental
(poesía tradicional, anónima; poesía relixiosa; poemas de circunstancias; teatro; correspon-
dencia epistolar; xineas nobiliarias...) representarían a memoria dun pasado vizoso e fecundo
e irían facendo camiño para a reinstitucionalización da literatura galega, que só se produciría
no século XIX.

Descúlpeame esta digresión revisitadora, que propón ás claras unha nova epistemo-
loxía para a análise da historia post-medieval, mais coído que ela é necesaria, aínda a risco de
prescindirmos de taxonomías de grande eficacia e comodidade didáctica. Necesaria, tamén,
para podermos situar, nos seus límites e na súa clarividencia, figuras, como as mencionadas,
do P. Feixoo e o P. Sarmiento. O río da creatividade galega, da potencia interior ao país, non
puido secar de súpeto. Unha outra cousa é que se envorcasse, ou se refuxiase, en recipientes
moito descompensados: a abondosa literaturización da lingua popular, anónima, colectiva
(que non cría institución se alguén con medios non a elevar a tal); as artes da arquitectura, da
escultura, da pintura, da ourivesaría... e, en troca, menor ou inexistente produción escrita, sen
estímulos, sen continuidade, sen o efecto multiplicador da imprenta. Os hábitos crían norma
e, con certeza, é neste período onde se xestan as ecuacións negativas para o idioma galego e
a constelación de asociacións subordinadoras que só os escritores do XIX serían quen de rom-
peren. Unha literatura microcefálica, en definitiva, non pode, obxectivamente, devolver a
saúde a un corpo social enfermo e agredido (e, dentro del, ao seu signo máis visíbel, a lin-
gua). É esta agonía (no sentido etimolóxico, no sentido unamuniano) a que explica que gale-
gos sensíbeis como Feixoo e o seu discípulo Sarmiento eleven o idioma galego á
dignificación, através da única institucionalización existente a aquela altura, a española. A
“semente” ou metonimia funcionou eficazmente, porque abriu o paso á emerxencia do XIX,
através ou desde unha primeira presenza metalingüística na literatura española.

Mais a análise do cuadro institucional sería insuficiente se non reparásemos decontado na realidade lingüística da maioría social, do povo, inteiramente monolingüe en galego, completamente oral, masivamente analfabeta. É nela na que reparan espíritos ilustrados e humanistas como Feixoo e Sarmiento. Adérense á corrente ilustrada europea -fundamentalmente, francesa e italiana- no que ela propugna de racionalidade; do valor do coñecemento experimental; da detracción da superstición e do ritual rotineiro; da necesidade de modificación e modernización da escola e os planos de estudo. Escreben en España (onde moran a maior parte das súas vidas) e en español. Afástanse dos ilustrados españois no recoñecemento e apoloxía científica do idioma galego, como se quixesen conxurar, *avant la lettre*, a imprección que, un século despois, lanzaría Pintos cando alcuma a Galiza de "madrasta de insensatos", no seu célebre poema "Galicia, boi de palla". Eles parecen teimar en seren fillos respetuosos e amantes da terra en que naceron e, con toda a probabilidade, vista a clase social a que pertencen (fidalgúa) están tamén a realizar a súa auto-defensa. No sistema cultural español van moito máis aló do que os seus contemporáneos en modernidade, en progresismo, en erudición e en consulta de fontes estranxeiras (xúlguese, só por aducirmos un exemplo, o inusitado valor que poda ter a citación documentada da escritora Lucrezia Marinella -hoxe só encontrábel en historias confisionalmente feministas-, autora dun libro titulado *Da nobreza e excelencia das mulleres e dos defeitos e carencias dos homes*, resposta apoloxética a un que versaba sobre os defeitos das mulleres, libro que o beneditino aproveita para a confección do "Discurso XVI" do I Tomo do seu *Teatro Crítico Universal*, titulado significativamente "Defensa de las mujeres"). No contexto galego, van ser os referentes inequívocos dos historiadores e escritores do XIX, sendo o primeiro reapropiado como gloria da ciencia e da filosofía galega e o segundo antecedente directo de figuras como Pintos, Murguía ou Lamas Carvajal.

Se Feixoo vai facer coa lingua galega o que Verónica con Cristo no seu camiño ao calvario (limpar a súa imaxe: o galego é irmán do portugués, é dialecto do latín), Sarmiento vai pór en obra científica a teoría hixiénica e rehabilitadora. O ilustre bieito verifica o dislate que supón o aprendizado do latín através do español e con prescindencia total do galego do país, lingua máis próxima á matriz e, por isto, utilizábel pedagogicamente con grande rendibilidade e aproveitamento escolar. Aclara como é o galego a orixe inequívoca do portugués e dedícase tenazmente a certificar as etimoloxías e as evolucións de moitas voces galegas. Insiste, até a saciedade, na avantaxe comparativa dos nenos que mamaron a lingua galega para o seu acceso e dominio do latín e penaliza severamente todo o maxisterio reinante, en mans de mestres estranxeiros ou desprezadores do galego, quer dicir, do que el, mesmamente, xulga como instrumento didáctico máis útil. O P. Sarmiento avoga, pois, claramente pola introdución do nativo e popular no secundario e institucional, quer na escola, quer no uso instrumental eclesiástico, para que a pastoral e a liturxia sexan comprendidas. Ousa cuestionar a, para moitos, incontrovertíbel Arte de Nebrija e pondera a necesidade de os escolares fixaren ben o símbolo lingüístico asociado ao obxecto tanxíbel ou visíbel. Sabedor da inexistencia de gramáticas e dicionarios do galego, suxere a utilización de materiais portugueses, ao tempo que el propio se aplica á compilación e elaboración de materiais para unha gramática, unha historia e un dicionario da lingua galega.

No seu pensamento, o triángulo do coñecemento había de ter estes tres lados: 1) nome galego; 2) étimo latino; 3) contemplación e observación do obxecto. É esta última necesidade a que resulta fundamental nunha concepción do ensino vinculada ao coñecemento do conxunto, da fauna, da flora... e á valoración do coñecemento empírico face ao metafísico e teolóxico. No campo das analoxías e das metáforas biolóxicas ou orgánicas que tan do gosto serían até ben entrado o século XIX, afirma que destetar os nenos da súa lingua natural é algo tan irracional e inumano como impedir que a nai aleite a criatura, privándoa así da mellor fonte de vida.

De por parte, o P. Sarmiento é un defensor do que hoxe denominaríamos unha rendíbel formación profesional: o ensino ha de estar conectado ás necesidades e características da economía produtiva do país en que se vive: imprescindíbeis, portanto, na Galiza, os coñecementos orientados á mellora da agricultura, da pesca, da industria téxtil. Os métodos de proximidade ao neno, á crianza, que moito máis tarde popularizaría a pedagoga italiana María Montessori, están presentes na obra do noso compatriota:

"Es preciso -escrébelle ao seu irmán Xavier sobre a educación de Alonsiño, seu sobriño- no aterrar a Alonsiño con castigos; ni espiritarle con la compañía, y otros espantajos. Cariño, premio y emulación han de ser sus atractivos. Y sobre todo ciencia; y claridad y arte, en enseñarle [...]. Y quiero que se le enseñe la lengua gallega con especial cuidado, además de lo que debe charlotear con los otros niños. No pienses en que castellanize asta que sepa bien, y con extensión, el gallego. No le enseñes voz alguna gallega, cuyo significado no tope con algún sentido exterior; palpándolo, viéndolo, remirándolo, gustándolo y oliéndolo" (PENSADO 1984:149).

E aínda:

"Es una desalmada necedad poner los niños gallegos a la xerga de la Gramática, antes de saber; con mucha extensión, la lengua gallega; y todas las voces de la Historia Natural, a lo menos de las visibles de su país. Hazte cargo que al portugués se le enseña el latín en portugués. Al francés en francés. Al italiano en italiano. Al inglés en inglés. Al sueco en sueco. Al castellano, solo en castellano. Pues, qué tiranía es que al gallego no se le enseñe en gallego el latín? Qué fatuidad es que al niño gallego se le enseñe una lengua ignota en lengua castellana que no entiende? Avia de quemar todo libro de Gramática que pasase a Galicia, y que no estuviese explicado en lengua gallega. Tengo un Arte de Nebrija que se estudiaba en Francia; pero está la explicación en solo francés. Tengo evidencia de que un niño gallego, si sabe ya bien su lengua, entrará como por su casa a entender latín; y después a entender el castellano, mejor que los castellanos mismos. Y esto sin estudiar nada de memoria, que es el coco; y el que promueve la ignorancia y la aversión a las letras en España. Acuérdate de Pepiña, que nos refirió todos los objetos de la Procesión del Corpus, sin aver estudiado de memoria ni una palabra. Es doble fatuidad decir que explicada la Gramática en castellano se aprende el castellano de camino. La mayor parte de los gallegos que hablan, y bien, el castellano, jamás han visto el Arte, ni han estudiado seis palabras de memoria. El castellano solo se aprende con las conversaciones, con los libros, y con una jornada; no con mazar de memoria el Arte de Nebrija."

Y el caso es que después de todo ay infinitos gallegos con 4, o 5 años de estudiar de memoria Gramática; que ni saben latín, ni castellano, ni gallego. Asumpto es este que pide muchos pliegos para sacar á luz los crasos errores que se cometen en el asumpto" (PENSADO 1984:150-151).

Sarmiento, en suma, non discute a "fatalidade" da asimilación ao español e da necesidade do seu coñecemento académico e pragmático, mais escandalízase de como toda a institución escolar poda montarse sobre o desprezo e a negatividade para co galego, primeira e insubstituíbel credencial do rapaz. O incluír o galego como ferramenta básica do ensino primario conduciría a un adecuado coñecemento do latín e mais do español, evitando así o desperpento de non posuír en condicións nengunha das linguas, alicerce, o idiomático, de calquer coñecemento ulterior. Abre as portas, por aquí, para a asunción da lingua galega como signo nacional imprescindible (e non só como auxiliar necesario, mais subsidiario) que caracterizará, cordial e intelectualmente, a mellor produción do XIX.

* * * * *

Unha escritora deste século, de nome Rosalía de Castro, é a que vai inaugurar e protagonizar o que probablemente sexa o maior salto cualitativo, canto á cultura, que teña rexistado a historia contemporánea da Galiza. Sarmiento clamaba pola elaboración de gramáticas e dicionarios galegos, porque, a aquela altura, a lingua, como institución, era, fundamentalmente, metalingua: escrita, gramática, valorización escolar, presenza no ensino. Rosalía ("sin gramática nin regras de ningunha clas..."), como afirma no prólogo -ensaio maxistral- de *Cantares gallegos*, 1863) volve á lingua e coloca o uso pragmático á altura da institucionalización literaria. Conxura definitivamente, coa luz da obra monolingüe no idioma proscrito, a escuridade mortal do burato negro e dá sentido complementar á metalingüística que coñecerá a segunda metade da súa centuria, convertida así en reforzo da percepción positiva do galego e non en relicario de filoloxía inútil. O galego xa non vai ser pasarela, ponte, para a mellor adquisición do latín e do español, senón ente autónomo, na escrita multitemática que, por súa volta, abrirá o camiño ás propostas do nacionalismo organizado do século XX, o encargado historicamente de converter en acto (uso académico, investigación científica, literatura omnixénica, uso político...) a potencia que os Restauradores do XIX alumarón.

Mais non adiantemos acontecementos. Murguía, figura central do Primeiro Renacemento, recolle o facho aceso polos ilustrados e dá pasos decisivos para a creación dun pensamento galego desde dentro do país e ao seu servizo. Será o elo de unión entre o P. Sarmiento e Castelao, mais cun cambio de óptica fundamental: se os ilustrados do XVIII perseguían a exhibición do galego como auxiliar indispensable no edificio escolar español operante na Galiza, Murguía aspira a que esta e as súas producións ocupen a centralidade do pensamento e do labor intelectual galego. Diríamos, en termos gramaticais, que Sarmiento pretende alterar a sintaxe; Murguía, a semántica. A novidade é substancial: non se trata de **adaptar**; trátase de **innovar** e de substituír. A subordinación en que se encontra a lingua galega e a súa cultura quer combatela Murguía a partir dos seguintes axiomas: 1) o galego é un idioma ilustre, fillo do latín, pai do portugués, recipiente da mellor literatura medieval; 2) Galiza é un povo con historia propia, que é preciso desenterrar e dar a coñecer; 3) Galiza é

recuperábel como tal: será a xeración a que el pertence a responsábel de a colocar dignamente no concerto español e europeu; 4) toda canta innovación progresista, moderna, se proxectar, no século que fai da modernidade a súa bandeira, ha de existir, para ser válida, desde a Galiza e para a Galiza. O cambio superador do humanitarismo dezaoitista é fundamental, porque pasamos do terreo da moral ao da política: Murguía aspira, propositadamente, a unha institucionalización galega que informe da *vera effigies* do país, que sexa espello digno da súa personalidade. ¿Qué era o marcadamente diferencial do país? Lingua, historia, economía, cultura. ¿Onde se achaba a xenuidade destas institucións? No povo. A intelectualidade galega, se quixer producir algo de valor, ten de ollar para o povo e alimentarse do que el construiu.

Neste cuadro, *La primera luz* (subtitulado "Libro de lectura para uso de primeras letras de Galicia") é a resposta a unha necesidade imperiosa: a de dotar ás escolas galegas dun manual de aprendizado que meta o país nas aulas, que excite a autoestima colectiva e corte os efectos dunha xenostima alienante que mestres e libros non facían máis que hipertrofiar. É resposta puntual tamén, netamente política, portanto, á promulgación da "Ley Moyano", de 1857, que organiza o ensino en tres niveis, o primario, o secundario e mais o universitario, e que tenta estender a escola pública a toda a poboación (a toda a poboación masculina; as escolas para nenas ou mixtas han tardar moito en apareceren...). Dous anos despois de promulgada a lei, en 1859, publica Murguía este manual de primeiras letras, non como contributo intelectual abstracto, senón como libro de uso escolar, de alfabetización primeira no amor á patria e aos seus signos. Nun país dun analfabetismo xeneralizado, con altísimas percentaxes de absentismo escolar -por mor do traballo de nenas e nenos na casa, no campo e no mar-, con escolas de ferrado, que se alongan até ben entrado o século XX (paliativo á deficientísima rede escolar a cargo do Estado), o libro de Murguía resulta pioneiro e dun alto valor pedagógico, como alternativa ofrecida desde dentro e para inducir un cambio de mentalidade en alumnos e profesores. A obra contén vinte e sete leccións sobre Xeografía e Historia de Galiza e complétase cun elenco de cinco mini-biografías, de doada fixación didáctica, que van desde Santa Mariña a D. Felipe de Castro. A escolla dos biografados non é nada casual: quer dotar de **recursos de lexitimación** ao país nativo dos alumnos, nos dominios en que os únicos exemplos ofrecidos eran españois. Así, a Galiza ten presenza, através de Santa Mariña, na colonización romana e no santoral cristián; ten historia medieval (San Paio e Diego Xelmírez); é berce do máis reputado sabio do XVIII, o P. Feixoo; nela ve a luz un triunfador da arte da escultura, Felipe de Castro, galego galardoado en España, en Italia... Galiza, portanto, ten historia, ten tradición cultural, ten arte, tivo poder político; ten capacidade científica e intelectual. Os escolares galegos deben coñecelo e aprendelo.

O manual que comentamos (que utiliza o formato do catecismo, con preguntas e respostas, moi popular como vehículo didáctico no século XIX) dedica dúas leccións, as iniciais, á lingua; dúas, á relixión; seis, á xeografía; doce, á historia, e cinco, como se dixo, ás biografías do novo "santoral" que os nenos galegos deberían coñecer. Murguía altera, así, radicalmente, as bases da única canonicidade admitida: a lingua "común" (a española, por decisión decretal); a historia mítica da España imperial. Revelan as súas leccións coñecimentos das modernas técnicas da pedagogía (tan celebradas e defendidas por Sarmiento, como xa vimos), que encarecían a necesidade de comezar o ensino polo próximo e familiar ao rapaz, nun

esforzo de autovaloración que cortase as inxeccións de denigración e de auto-odio que a escola fundamentalista dependente do Estado ou de centros eclesiásticos ou relixiosos impuña.

A lección inaugural do libro é definitiva, porque sitúa, de forma exemplar, o conflito lingüístico na súa máis crúa expresión. É a autoridade do mestre a que, agora, se dirixe a elevar á dignidade e á excelencia o signo do abaixado e reprimido. En moi poucas liñas, Murguía quer curar: (a) a autopercepción negativa do idioma; (b) a brutal alienación do auto-desprezo; (c) as feridas inflixidas por prácticas funcionarias que xa conseguiran domear integramente o elemento nativo, avergoñalo da súa "negritude". Repárese en como, moitos anos despois, se seguían editando opúsculos que insistían na necesaria "civilización" dos galegos através da correcta posesión do español: mesmo un profesor e escritor tan vinculado á Galiza como D. Emilio Álvarez Giménez publica, en 1870, *Estudio sobre las faltas del lenguaje que se cometen en Galicia*, con sucesivas edicións en anos posteriores. Naturalmente, as faltas ou defeitos da linguaxe eran os abundantes galeguismos introducidos na oralidade en español de nativos do país. O punto de partida de Murguía, como se verá, é o inverso: é o galego o que ten de emerxer, non o que deba ser ocultado; o que cómpre corrixir non é o galego, senón a elefantiasa do español.

Vexamos o texto desa lección primeira:

"DEL DIALECTO. Lección Primera.

Un niño entró en la escuela, era un pobre aldeanito, y no sabía hablar el castellano. El maestro le preguntó:

-¿No traes tus libros, hijo mío?

-Señor -respondió el pobrecillo temblando- esquecéronme; y todos los demás niños se echaron á reír de él, y se mofaron de su ignorancia.

Pero el maestro, que era un hombre docto, y mejor que esto todavía, un hombre justo, les impuso silencio y les dijo:

"Hijos míos, ¿Cuál es la falta de ese inocente para que os burleis de él? No sabe el castellano, y habla en el dulce lenguaje de su tierra nativa, en el lenguaje en que hablaron sus abuelos! Sabed, niños, que el dialecto gallego, cuyas armoniosas palabras escitan vuestra risa, como si fuerais estraños, es la fuente de donde salió el idioma español; es un dialecto en que pueden espresarse con mas dulzura, con mas suavidad, con mas cariño que en ningun otro, todos los pensamientos y todas las ideas; que en él hablaron nuestros padres, y que nosotros no debemos no digo ya olvidarlo, sinó amarlo, venerarlo, como á preciosa herencia que nos han legado nuestros antepasados. Amad el lenguaje en que hablamos todavía; el pueblo que olvida y escarnece su idioma, ese pueblo dice al resto del mundo que ha perdido su dignidad!

El hombre -dice un sabio moderno- lo último que pierde es el acento natal; no os avergonceis, pues, de ser como los hombres, ni os cause risa oír hablar como hablaron vuestros abuelos. Si algo hay aquí que debe escitar vuestra hilaridad no es la santa ignorancia de este aldeanito, sinó la imprudente carcajada del hijo de las ciudades, que no conoce que acaba de reirse de si mismo"

(MURGUÍA 2000 (ed. facsímile da orixinal de 1859:11-12).

* * * * *

Na década en que morre Rosalía de Castro (15 de Xullo de 1885), nacerán figuras fundamentais da *intelligentsia* galega que dedicarán ao asunto da escola atención privilexiada. Se escolleremos como datas de comezo e de cabo as dos nacimentos dos Vilar Ponte (1881, ano en que nace Antón; 1890, Ramón), incluiremos como exemplos significativos os de Risco, 1884; Castelao, 1886; Viqueira, 1886). Semella simbólico que un ano despois de falecida Rosalía, xusto no ano en que Murguía publica o seu *Los precursores*, naza a xeración que dá forma á representación da Galiza na primeira metade do século XX. Esta xeración toma o relevo á altura dos tempos. Saben que se non trata só de proseguiren coa criación dunha teoría e dunha ideoloxía nacionalitarias, senón de inaugurarun unha praxe nova, que xulgaban urxente para criaren de vez conciencia galega e cambio político e social. Aran as leiras que teñen e que poden, quer dicir, as practicábeis fóra e dentro das institucións, con criación directa e orixinal ou con influencia parcial e lateral: exemplo das primeiras, o libro, o artigo xornalístico, a prensa onde podían publicar, a investigación científica sobre o terreo, o mitin partidario, as publicacións orgánicas do nacionalismo...; exemplo das segundas, as aulas escolares, a constitución de grupos como o "Seminario de Estudos Galegos" (1923), as exposicións de artes plásticas dentro e fóra da Galiza...

Unha novidade fundamental da xeración das Irmandades da Fala (Xeración do 16, na terminoloxía de Ramón Vilar Ponte) e da Xeración Nós pasa por deseñaren un novo espazo simbólico para o galego, através dunha persistente tarefa de reapropiación do nacional e de substitución do español mesmamente nos ámbitos que definían sinaladamente a hexemonía do idioma e da cultura oficiais do Estado. Un deles, como non podía ser menos, é o do ensino e, nomeadamente, a escola primaria, a primeira forxa de aculturación do neno. Inevitabelmente, tamén, a lingua e a oferta do ensino da cultura e da historia da Galiza van ser as recorrencias principais. Cómpre subliñarmos que este empeño pioneiro axiña se traduce en ideas e en obras, e será debido, única e exclusivamente, a un esforzo interno ao país, de natureza, obxectivos e fins patrióticos (resulta, por isto, falso e frívolo cualificar o nacionalismo galego deste período como seguidista e rezagado a respecto do basco e do catalán; xustamente, a proba histórica, a proba documental, abonan o contrario). De 1921, por exemplo, data unha obra fundamental, *Doctrina nazonalista*, de Ramón Vilar Ponte, verdadeiro sumario de definición ideolóxica, que non só identifica e proclama a nova semántica, senón que esclarece e refuta as obxeccións máis comúns ás arelas das patrias sen liberdade. Admira comprobarmos a clareza e rotundidade do pensamento anti-imperialista aplicado á Galiza e ao mundo e, tamén, a modernidade dos conceptos científicos que se barallan: toda lingua, afirma Ramón Vilar Ponte, polo feito da súa estrutura particular e diferenciada das demais, confere ao pensamento de que ela é exteriorización modalidades e características especiais que van labrando unha cultura inconfundíbel e orixinal, propia do povo a que pertence a lingua; esta é recipiente e vehículo da práctica cultural, que cómpre restaurar, se foi eliminada e agredida. Lingua e cultura propia serán a mellor defensa contra a asimilación e a regresión.

A preocupación pola escola, polo ensino, vai ter axiña reflexo nas páxinas d' *A Nosa Terra* renacente. Neste órgao das Irmandades, moi pouco despois da súa refundación, en 1917, publica Xoán Vicente Viqueira artigos monográficos sobre a escola e o galego na escola. Viqueira acaba de obter a praza de Catedrático de Filosofía do Instituto de Santiago de Compostela. No tempo que vai da primavera deste ano 1917 ao verán (30 de Agosto, en que

aparece publicado o artigo "A nosa escola", na revista citada), o profesor Viqueira está colocando a súa erudición, a súa sabedoría, ao servizo da creación da idea: cómpre "pór os nosos esforzos na creación d' unha escola galega". Os seus fins non se poden limitar a aprender a escribir, ler e contar, pois que debe facer "germolar todo canto hay de bô na nosa raza" (VIQUEIRA 1974: 137). E aínda: "Á escola pedímoslle a raza en toda a súa integridade: mulleres, homes da nosa raza para loitar, para vencer na inmensa loita da vida" (VIQUEIRA 1974: 138). Por certo, supomos que non pasará inadvertida nen será atribuíbel anacronicamente ao *políticamente correcto* a mención do substantivo **mulleres**, que se preocupará o propio autor de repetir cando refira a necesidade da formación e da capacitación profesional nos oficios: costureiras, cocíneiras, canteiros, ferreiros, labregos). A lingua ten de entrar na escola -sustén Viqueira- non só por ser a lingua do país, senón por abrir a porta ao mundo portugués.

En segundo lugar, a escola debe ser o centro cultural do rural e das vilas: debe acoller e difundir bibliotecas, conferencias sobre os problemas do momento, agrícolas e económicos. Para isto, precísanse mestres que vexan elevada a súa situación salarial e podan dedicarse vocacionalmente a tan necesaria profisión. Eles deben ser unha "aristocracia do país", con elevación, tamén da súa formación pedagóxica e cultural.

En terceiro lugar, a cuestión da lingua. Viqueira propugna unha especie de pacto de non agresión. Expliquémonos. É vital, como primeira reforma, que non se proiba a expresión na propia fala. A seguir, levantado o veto, débese cultivar escolarmente através da literatura popular, da música e da literatura culta, labores para os que resulta imprescindíbel a creación de cátedras de Lingua e de Literatura nas Escolas Normais e a esixencia destas materias nas oposicións de Maxisterio. Non se trata de suplantar o castelán -afirma o autor-, senón de que "a nosa lingua non fique totalmente relegada". Engade prudentemente: "O porvir dirá si isto abonda".

Vai ser nunha longa conferencia titulada "Nosos problemas educativos" (proferida no local da Irmandade da Fala da Coruña e publicada despois n' *A Nosa Terra*, en 1918), onde Viqueira se espraia acerca do problema do ensino e das súas alternativas. Parte de consideralo moi imperfecto, anacrónico e xerador de fracasos. A reforma por el defendida pasaría polos seguintes extremos:

- (a) a introdución da lingua, oral e escrita, através das canles mencionadas antes (literatura popular, literatura culta e música);
- (b) valorización da escola primaria e dos seus docentes, en nada inferiores ao labor dun profesor universitario;
- (c) inclusión da formación profesional, con atención aos oficios principais das clases traballadoras galegas;
- (d) organización dun estudo técnico, conectado ás necesidades reais do país, non aos planos de estudos producidos en Madrid;
- (e) modernización da profisión, con actualización de saberes e dignificación da mesma;
- (f) organización do Bacharelato como un corpo unitario e integral, que aglutine no mesmo título as vellas divisións de Ciencias e Letras, inclúa o estudo de linguas clásicas e modernas e ofereza un conxunto cultural integrado;

(g) simbiose, nos estudos da Universidade, das chamadas disciplinas científicas e das humanidades, ao servizo daquela formación integrada e do mellor aproveitamento cultural;

(h) o ensino e a educación das mulleres: Viqueira dedica un capítulo integro do seu programa a esta necesidade e, lonxe de calquer tentación saudosista ou imobilista, proclama abertamente: "*¡C' a historia non valen saudades! Estamos na realidade presente e pensemos que o problema do feminismo, ja pranteado por Platón, é un problema do momento, para o que hay que prepararnos e que a función social da muller váise a ampliar enormemente*" (VIQUEIRA 1974: 161). Franco partidario da creación de Institutos Femininos e de residencias femininas, Viqueira pondera a necesidade de ofrecer ás mulleres a mellor preparación xeral posíbel e de dar a capacitación para cantas profisións podan desempeñar, incluída a formación universitaria na Universidade común;

(i) afinal, salientaremos a teleoloxía desta proposta. A educación debe despertar e cultivar todas as potencialidades do povo galego; concederlle lugar central ao galego, como lingua de oferta de ensino, como lingua escrita (mesmo, de teses de doutoramento) e como lingua que se ensine, para a súa corrección. Lonxe de libresca e pasiva, ha de ser interactiva, con coñecimento da realidade física, xeográfica, integral e empírica, conectada ao contorno e ás necesidades económicas do país. Tal ambicioso programa só será posíbel mercé á descentralización, quer dicir, á creación de institucións propias, desde as que se críe e difunda unha epistemoloxía moderna, orixinal e útil para o país.

Por todo o dito, ben podemos considerar Viqueira o primeiro dos pedagogos galegos do século XX. Protagoniza, oterianamente, a súa particular viaxe ao centro galego desde a ilustración e a cultura española e europea. Quer aplicar á súa nación a modernidade dos países do capitalismo avanzado: Franza, Alemaña, Reino Unido, U.S.A. Desexa unha Galiza grande nunha Iberia onde ela perviva como nación representativa da "civilización céltica" do sul, próxima ás outras europeas da mesma filiación étnica. Quer conciliar hispanismo e lusismo ou portuguesismo, através da matriz cultura, o galego. Aspira a que o recoñecimento do bilingüismo faga emerxer e respeitar o galego. É un europeísta convencido, se lle darmos a este termo o valor descrito, aplicado ao contexto do remate da Primeira Guerra Mundial, non, obviamente, a conotación actual. Galiza, enfn, debe ser centro, non periferia receptora e marginada.

Referirémonos agora a unha segunda aportación desta xeración, concretada no interese do nacionalismo nacente por tratar monograficamente as cuestións pedagóxicas. A revista *Nós*, a pouco da súa saída (no nº 6, 20 de Agosto de 1921), inaugura unha chmada "Seición Pedagóxica", que se orienta a unha constante "*propaganda pr' á meirande eficacia educativa e galeguizante das nosas escolas*" e que busca informar aos lectores das máis notábeis novidades pedagóxicas do mundo, para as adaptar á Galiza, ao amor e comprensión que a Galiza precisa. Neste número de *Nós* e máis no seguinte, publicará Vicente Risco un completo "Plan pedagóxico pr' a galeguización das escolas", que reproducimos en Anexo. Tal programa alternativo, auténtico compendio do que significaría, de ser aplicado, unha revolucionaria mudanza do ensino na Galiza, foi composto por Risco (el propio profesor da Escola Normal de Ourense), após a encomenda da III Asemblea Nacionalista Galega, celebrada no ano 1921, en Vigo, o que fala ás claras dun propositado intento de rección do ensino interna ao país e de substitución dunha institucionalización allea e imposta por unha orixinal e atenta á

morfoloxía social e cultural do mesmo. Trátase -se se admitir a grandilocuencia- dunha "tomada do poder" a que se pretende executar, através dun dos dominios ideolóxica e economicamente máis simbólicos e determinantes, o ensino, a educación, o grande alimentador e conformador mental. Se esta empresa tivese sido posíbel -fóra dos empeños individuais e voluntaristas-, se tivese sido posíbel e efectiva institucionalmente, a Galiza hai anos que se encontraría xa (historicamente) no século XXI. Os homes e as mulleres da Xeración Nós quedarían fundamentais, a ideoloxización e españolización através da escola, que toma o relevo da Igrexa Católica neste labor e antecede ao papel que máis tarde (hoxe) absorberán os medios de comunicación masivos, nomeadamente os audiovisuais.

Fican fóra deste noso itinerario nomes principais do tempo (e da posguerra), como o de Xosé Ramón e Fernández-Oxea, mestre, pedagogo, inspector de ensino primario e escritor, animador activo da cultura galega no Madrid dos anos cincuenta e décadas seguintes. Cerraremos o noso percurso, tal e como o título indica, co nome e a clarividencia de Castelao. El vai ser quen poña, coa súa autoridade, o ramo a esta viaxe pola emerxencia da conciencia galega no tocante ao ensino. É a súa unha posición ben avanzada, polas seguintes razóns: 1ª) por ser autor dunha obra proteica e simbiótica (artística, literaria, doutrinal e política), de grande eficacia e efecto multiplicador; 2ª) por ser o máis activo e destacado propagandista dentro e fóra da Galiza- da causa nacional e patriótica; 3ª) por ser o máis lúcido e valente da súa xeración na diagnose do ensino imposto e o que vai máis alá na proposta dunha escola galega.

Das cincuenta estampas que compoñen o álbum Nós (que representa o baptizo formal de Castelao como artista da nación), varias van reflectir a preocupación do autor por ter conta desta parte da realidade sociolóxica e ideolóxica. A escola (estatal) produce repulsión nos receptores, ou escepticismo ou distancia crítica. O galego está expulso do sistema escolar e calquer "redención" pretensa deberá contar co coñecimento da realidade empírica e histórica do país en que o ensino asenta.

Nas páxinas de Sempre en Galiza (1944) -e como corolario de moitas intervencións anteriores-, Castelao referirase ao papel estrañador e alienante da escola, através de diagnoses absolutamente lúcidas:

"Hoxe os máis destacados educadores de Europa propoñen que o ensino se dea sempre na lingua materna dos nenos, deica o desenrolo completo da súa persoalidade, porque así quedarán en condicións de deprenderen a segunda lingua, como asignatura. Este aisioma pedagóxico fúndase na comprobación de que a suma de coñecimentos adequiridos por un neno instruído na súa lingua materna, é dobre da que adequiriría n-unha lingua allea. A explicación está dada por moitos pedagogos: Cando non se utiliza nas escolas a lingua materna dos nenos, prodúcese unha atrofia na facultade do lingoaxe, i esta perturbación déixase sentir faltalmente no aprendizaxe da segunda lingua. Estas conclusións parez que non chegaron ao coñecimento dos nosos estadistas. Eles -tan afeitos a buscaren precedentes fora de Hespaña- non queren, pol-o visto, enterárense da lexislación dos países afeitados pol-o problema das linguas: Suiza, Bélxica, Luxemburgo, Irlanda, Inglaterra, Unión Soviética, Checoslovaquia, Lituania, Estonia, Yugoeslavia, Rumania, etc."
(CASTELAO 1977: 108-109).

A Universidade, "ama de cría do caciquismo", é xulgada duramente como mentora da alienación e da ignorancia sobre a Galiza: "...un galego pode, sen sair da Galiza, conquistar un título universitario, exercer unha profesión liberal, e iñorar que eisisteu Rosalia de Castro" (CASTELAO 1977: 106). As súas aseveracións sobre Escolas de Agricultura, investigación agropecuaria, necesidade de conectar o ensino coa realidade económica do país e co seu desenvolvemento son exemplares a respecto dun coñecimento moito a pé de obra da mesma e, por aquí, da necesidade de dotar ás ensinanzas de novos contidos e utilidades. Non menor será a súa sensibilidade para coa literatura e as artes plásticas, con particular valorización de toda a arte popular.

* * * * *

Varias décadas despois de seren formuladas estas denuncias; de se idearen solucións liberadoras e anovadoras como as descritas; de se programaren novos contidos e coñecimentos acordos coa fisonomía do país e ao seu servizo, aínda non podemos falar dun ensino galego, se por tal entendermos o previsto orixinalmente dentro da nación, con atención aos seus signos distintivos, á súa cultura, á súa economía, ao seu mercado de traballo, ás súas vantaxes comparativas. Mais a historia sempre deixa remol. Se Antón de Marcos, en Lugo, hai cincuenta anos, organizaba -e pagaba- cursos agropecuarios e de cultura galega para mestras e mestres do rural (e aínda vive quen o conte e o recorde como experiencia definitiva na súa vida profesional), onde o maxisterio fundamental consistía na lección de amor, de respecto e de cultivo dos costumes, da literatura, da música, da danza e da busca da mellor rendibilidade para os produtos do país..., hoxe, nós somos herdeiras e herdeiros dunha dignísima diacronía da que podemos, moralmente, orgullarnos e, politicamente, tomar exemplo. As políticas educativas actuais, todo o inxente labor sindical, pedagóxico e asociativo dos nosos días, sería inintelixíbel sen estas bases.

Ensino e realidade. Antano, o primeiro elemento do binomio existía mesmamente para negar e lexitimar a subordinación do segundo. Hoxe, o binomio cambiou, en boa medida, mais aínda non se acadou a mudanza de sistema, por moito que teña cambiado o rexime. Permitásenos expresar a confianza en que a sofisticación burocrático-funcionarial, con todos os seus espellismos, non nos anuben a necesaria visión realista de todas as necesidades pedagóxico-didácticas que aínda temos por cubrir, nun planeta globalizado onde a única garantía de sermos humanos singulares -e non clónicos do "Amo Universal"- será a particular afirmación do que somos, do que fixemos e do que somos capaces de facer na historia.

Referencias bibliográficas

- CASTELAO, A. R., 1977 (1944, 1ª ed.): *Sempre en Galiza*, ed. Akal, Madrid.
- COSTA RICO, A., 2005: *Historia da educación e da cultura en Galicia* (séculos IV-XX), ed. Xerais, Vigo.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2002/ 5ª ed.): *Lingua galega. Normalidade e conflito*, ed. Laiovento, Santiago de Compostela.
- GARCÍA NEGRO, Mª P., 1991: *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*. ed. do Cumio, Vilaboa-Pontevedra.
- GARCÍA NEGRO, Mª P. 2001: *Arredor de Castelao*, ed. A Nosa Terra, Vigo.
- MURGUÍA, M. (2000) (ed. facs. da de 1859): *La primera luz*, ed. Xerais. Vigo.
- PENSADO, J. L., 1984: *La educación de la juventud*, de Fr. Martín Sarmiento. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.
- RISCO, V., 1921: "Plan Pedagógico pr'a galeguización d'as escolas", en *Nós*, nº 7, 25 de Outubro.
- RODRÍGUEZ, F. 1998 (4ª ed.): *Conflito lingüístico e ideoloxía na Galiza*. Edc. Laiovento. Santiago de Compostela.
- SARMIENTO, FR. M., 1997 (ed. facs. da orixinal de 1766): *Elementos etimológicos según el Método de Euclides*. Universidade de Vigo.
- VILAR PONTE, R. 1991 (ed. facs. da orixinal de 1921): *Doctrina nazonalista*. ed. do Castro. Sada-A Coruña.
- VIQUEIRA, X. V. 1974: *Ensaíos e poesías*. ed. Galaxia. Vigo.

SEICION PEDAGÓXICA

NÓS propoñe d' hoxe adiante conceder unha atención sostida e constante ó problema pedagóxico na nosa Terra. Conforme ós propósitos que fixeron nacer esta publicación, faremos unha constante propaganda pr' á meirande eficacia educativa e galeguizante das nosas escolas, e procuraremos informar ós nosos lectores das mais recentes novidades pedagóxicas do mundo. Pra elo agardamos a colaboración y-axuda de todos os escolantes e profesores de todas clases que verdadeiramente amen e comprendan a Galiza.

* *

Plan pedagóxico pr' a galeguización d' as escolas ⁽¹⁾

Pró merecente pedagogo y-entusiasta patriota galego Iñacio Ares de Parga.

- I O Edificio escolar.
- II A Escola por adentro.
- III A vida n-a Escola.
- IV O Escolante.
- V Os métodos d' ensino.
- VI O galego n-a Escola.
- VII O ensino das cousas da Terra.

I EDIFICIO ESCOLAR

Ten que xuntar: *Condicións hixiénicas* (que sexa sán). *Condicións pedagóxicas* (que sexa apropiado pr' o seu ouxeto). *Condicións estéticas* e *Condicións educativas* (condicións que dependen as unhas das outras, as condicións estéticas sendo de seu educativas).

A) *Condicións hixiénicas*.—Han ser: as xenerás requeridas n-esta clás de edificios, e mais as qu' impón o clima especial da nosa Terra.

Por eixemplo: as nosas escolas precisan, pra teren boa luz, flestras mais abertas que nos países do Sul, por mor dos nublados. Non deben

ter terrazas, por mor da humidade e das chuvias qu' obrigan a qu' os tellados deban ser saledizos, os balcó cubertos, etc.

B) *Condicións pedagóxicas*.—N-esto teñen qu' estar ás regras xeneraes dos edificios escolares.

C) *Condicións estéticas*.—A beleza do edificio escolar ten unha fonda importancia educativa. Compre atender mais ben á beleza do que á ostentación. A escola non precisa ser grandiosa, e si o é, por elo pode perder en beleza.

Efeitivamente: a beleza d' un edificio proven de duas cousas: da apropiación pr' o fin qu' ha cumprir, e mais da súa adecuación ó sitio onde está.

A escola non precisa un pazo: despois de todo, coa natureza diante, abonda co escolante, a tiza y-o encerado. A casa-escola non debe desentonar da paisaxe, senon que se debe incorporar a il com' un elemento mais de beleza, de xeito que pareza que naceu elí, e non que é unha cousa postiza.

Debe, pois, com' en Suiza y-en Alemaña, ser feito no estilo do país. Debe aínda tel-a *coor* do país. A escola galega debe ser unha casa galega, a mais enxebre de todas.

D) *Condicións educativas*.—Compre atender d' un xeito moi especial ó efecto qu' a contempración da casa-escola ha causar no espírito dos nenos. A escola non debe endexamais sacar os nenos do seu médeo natural.

O neno pol-o tanto non se deb' atopar diante d' un edificio ostentoso, onde somella que l' han dar d' esmola o ensino y-a educación. A escola debe ser cousa familiar ós rapaces, que non choque c' os seus costumes, c' o que están afeitos a ollar na aldeia ou na vila: unha casa que imitándose ás casas ond' eles viven, sexa ó tempo mais crara, mais sana, mais leda, mais garimosa, que lles poda servir d' eixemplo de curiosidade e de bó goberno, eixemplo fácelo d' imitaren, xa que lles ha mostrar coma se

(1) Sannado d' un traballo inédito, encomendado ó autor pol-a III Asambrea Nazionalista Galega tida fai pouco en Vigo.

pode vivir con limpeza e comodidade sen ser rico nin ter un pazo fantasioso.

Iste punto é do meirande intrín, n-unha educación galeguista: mal pode esta principiar coa suxestión esótica d'un edificio d'estilo estranxeiro—as mais das veces d'unha arquitectura absurda e d'un gusto detestabel—que leva a maxinación dos nenos lonxe da nosa Terra e da súa tradición, tradición qu'ha sel-a raíz y-a semente do progreso nacional... Ihes edificios esóticos y-ostentosos, son antigalegos y-antipedagóxicos. Hai ademais qu'evitar ise contraste brusco antr'a casa y-a escola. Todo iso ten unha acción destrutora nos espritos.

Sexa a escola unha casa d'aspecto modesto, pro artístico, e com'en Suiza y-Alemaña, do estilo do país.

II A ESCOLA POR ADENTRO

Os mesmos principios pódens'aplicar ó aspecto das salas de clase. Deixamos a un lado, pol-a súa ben coñecida xeneralidade, as condicións hixiénicas e pedagóxicas, pr'atendermos xustamente ós aspectos estético y-educativo.

Pirmeiramente, diremos que compre prescindir de todo o aparato académico que lle dá á aula tradicional unha exterioridade de tristura e de friaxe qu'arripia: as horrendas mesabancos y-a odiosa tarima do profesore... Fóra todo aspecto oficiñesco e d'inquisición pedagóxica.

Unha sala ámplia, crara, limpa e leda. O material d'enseño aparecendo cand'un vaia faguer usanza d'il. O escolante sentado á veira dos rapaces, n-unha cadeira com'a d'iles.

A friaxe das paredes lisas pódese temperar con cadros, ou millor aínda con pinturas murales. Estas pinturas deben ser a un tempo decorativas, istrutivas y-educativas. Deben representar cousas da nosa Terra, suxestivas e ledas, propias pr'erguel-o espírito dos pequenos. Os nenos irán d'iste xeito arreparando en como as cousas qu'o arrodean, son fontes d'inspiración artística e d'ornamento. A Arte amostralles a beleza das cousas familiares, n-as qu'un polo común non arrepara. Poden tamén esas pinturas representar cousas—sempre nosas—qu'o escolante irá pouco a pouco espricando e revelando á contemplación dos rapaces.

As plantas y-as froles adornando as salas de clase, son un pouco de natureza qu'entra na casa, e non é boa educación a que non fai amar á Natureza... No noso caso, amar á nosa Terra, que é pra nós o resume e compendio da natureza inteira. Sirven tamén pra estimular o instinto artístico dos rapaces.

III A VIDA NA ESCOLA

Mais qu'os procedementos direitos d'educación, é a orgaizazón da vida escolar a qu'aduca, por iso, eiquí, imonos ocupar de toda a misión educativa da escola.

Principio xeneral: Respeito á personalidade dos nenos.—O contanto mais intenso, mais fondo coa natureza—coa santa Terra galega—fonte inesgotabel de saúde física y-espíritual.

Ora, poñamos pirmeiro a

Educación moral e social: O desenvolvemento do caraute individual.

O desenvolvemento do caraute galego (ético).

Compre partir dos caracteres *hereditarios* pra formármol-os *adquiridos*.

Caracteres hereditarios: *cultural-as virtudes propias da nosa Raza:*

Sereidade de xuízo.

Dureza pr'ó traballo.

Cachaza pra sofril-as penas.

Boa crianza natural.

Prudencia.

Irmos *correcindo os nosos vicios*. D'istes, o que mais nos daña, é sen dúbida a humildade, o encollimento, iste terse en pouco que nos desarma pr'a loita pol-a vida. Hai que suxerir-lles ós nenos a *altivez moral*, que debe sel-a característica de todo galego, a conciencia da nosa dinidade coma persoas e coma galegos.

Caracteres *adquiridos:* Compre *cultural-as virtudes sociais qu'os galegos temos esquecidas:*

Independenza moral.

Desintrín.

Soberbia (conceito do propio valor, *altivez moral*).

Instinto de solidariedade.

Eu penso que se poden cultivar e faguer xurdir estas virtudes na vida escolar, deixando ós nenos unha grande autonomía, unha ámplia liberdade; deixando á súa *iniciativa*, e polo tanto á súa *responsabilidade*, unha chea de cousas que se deben deixar.

Elas poden ser: A orgaizazón, plan e coidado das excursiós e paseíos.

A orgaizazón de festas e merendas escolares.

A orgaizazón dos xogos e deportes.

A intervención no mantimento da disciplina.

O xuzgal-a conduta dos compañeiros. (Tri-bunás escolares).

A dirección de certas clases, como:

Os cantos.

Os traballos manuais.

A xinasia.

Os traballos no xardín.

As esperencias de física.

NÓS

A confección do material d'enseño. Todo, naturalmentes, baixo da vixilancia do escolante, pro compre faguerlles collel-o costume de *se valeren por si mesmos* e de *s'acudaren os ús ós outros*.

O sentimento da Terra. Enxebriismo y-amor á patria Galega... Isto pertence á educación moral e social, á educación estética, á educación intelectual. O sentimento da Terra ten que sel-a base da nosa educación e do noso ensino.

Hai que faguer qu'as pirmeiras impresiós qu'o neno reciba sexan enxebres, qu'a escola sexa un prolongamento do seu ambiente natural galego, qu'estean os nenos o mais tempo posibel en contanto coa Terra, coa meiga paisaxe, faguedo amido excursiós pol-a campia, de faguedo efeuto educativo e istrutivo, pois n-elas todo se pode ensinar: xeografía, botánica, zooloxía e zootecnia, agricultura, meteoroloxía, astronomía, contos, traballos de mau, hastra se poden pintar co dedo na Terra as primeiras letras...

O escolante descubriralles a beleza incomparable da nosa Terra e diralles com'ela a todos nos cria e nos mantén; xogará coiles os xogos ancestrales, cantará coiles as cántigas da Terra, e cand'estean cansos, contaralles contos, leendas e tradicións do pasado de Galiza.

Hai logo outros médeos indireitos pr'o esperamento do amor á nosa Terra, ós que nos referiremos ó falmos do: *Métodos d'enseño* e do *Enseño das cousas da Terra*.

A educación física y-os xogos. En pirmeiro lugar compre qu'a vida escolar sexa o mais móvil que sexa posibel. Non convén ter ós nenos as horas mortas sentados ás mesas, non sendo cando teñan qu'escribir.

O millor sería que nos días que se poidera, a maor parte das clases se dera ó aire, no xardín ou no campo.

A xinasia rítmica e respiratoria, os exercicios hixiénicos graduados non se deben descoindar, mais débense misturar cos xogos xinásticos naturais dos nenos, os xogos tradicionais y-enxebres, e logo, os deportes formás, antr'os qu'está especialmente recomendado o fútbol. Unhos y-outros xogos deben ser oxeto d'enseño na escola.

Os xogos non sirven somentes pra educación física. Hai xogos xinásticos y-hainos d'outras moitas clases. O xogo, istin vo nos rapaces, é un exercicio preparatorio de todas as actividades do home. En aproveitál-os xogos pr'a educación y-o ensino, vese o méreto do bó escolante. Ora, o folk-lore galego oférennos un verdadeiro tesouro de xogos educativos, qu'os escolantes deben estudar e coñecer pra aproveitál-os y-aplicál-os na escola.

Os cantos escolares. Eiquí, as cántigas da Terra áchanse especialmente recomendadas, e xa se cantan en moitas escolas de Galiza... A pedagogía moderna recomenda os cantos do país.

Cada escola pode formar cos seus alumnos un coro enxebre, hastra co seu pequeno cadro de decramación—coma pode ter un ou mais equipos de fútbol—. Logo podíanse orgaizar concursos de coros e campeonatos escolares, d'un gran efeuto pr'a educación artística e pr'o milloramento físico da Raza galega.

VICENTE RISCO

(Seguirá no número que vén)

SEICION PEDAGÓXICA

IV O ESCOLANTE

O escolante ha ser a y-alma da escola. Mais pra eso cumpre qu'o escolante teña espírito, que teña *ideal*. Compre escolantes imbuidos do *Ideal da Raza* e de *Tradición da Terra*.

Pra esto, o pirmeiro é qu'os escolantes que rixan as nosas escolas sexan galegos; o segundo é que estudien e amen a Galizia.

Ora, como n-as Escolas Normais non s'estuda nada galego, cumpre qu'os escolantes adiquiran fóra d'elas o coñecemento, o mais fondo posibel, da nosa Terra. Pra eso, hai que porlles

nas maus os medeos: libros, cursos, conferencias, etc.

Esto fica á iniciativa dos fundadores das escolas e mais dos homes de boa vontade.

Por eixemplo: publicacións especiais—libros e revistas—qu'os escolantes podan adquirir por suscrición ou prezos especiais.

Donativos d'obras pr'as bibliotecas escolares. Cursos gratuitos pr'escolantes.

Confrencias ambulantes pol-as escolas pra escolantes y-alunos; é decir, compre axudar ó escolante no seu labore.

V OS MÉTODOS D' ENSEÑO

Duas regras xeneraes: a meirande *aitividade* da parte dos nenos (auto-aitividade), y-a costante apelación á *intuición* sensíbel.

Intuición *direita*: vel-as cousas.—Buscand' os eixemplos de todo (xeografía, ciencias naturais, estoria, arte) na nosa Terra.

Intuición *índireita*: suxeril-o remoto por meo do qu' está perto.—Poñer en comparanza as cousas de fóra, das que falan os libros, co' as cousas nosas.

A intuición y-a manipulación das cousas da Terra, ten ademais por efeuto o saber *míralas—aprecíalas*—atopal-a razón de *porque son coma son*, ou *porque se fan coma se fan*.

Esto é fácil. Hai algo mais difícil e mais fondo:

O estudo y-aproveitamento pedagóxico dos *hábitos mentaes*—contidos hereditarios do espírito: *elementos apercipientes*—dos nosos rapaces.

Eiquí ven a aplicación dos métodos aproveitables da Paidoloxía (eiquí: psicoloxía diferencial da Raza nos nenos).

VI O GALEGO NA ESCOLA

O ideal sería qu' o ensino se dera en lingua galega.

A apelación á nosa fala é indispensable, polo demais, polo menos n-as escolas rurais, si é qu' o escolante s' ha faguer comprender verdadeiramente dos rapaces.

O menos que se pode pedir é qu' o galego non sexa sistemáticamente estrañado e botado fora das escolas.

1.º Pol-o desprezo da lingua principia o desprezo da Terra y-o desapego a ela.

2.º Suprimir o galego equival a condenar a morte o noso pensamento y-a nosa literatura.

3.º O ter en pouco á nosa fala axuda cáxeque nun todo á probe idea qu' o galego ten de si mesmo.

4.º Ventaxas pedagóxicas do galego:

a) Poñer o que s' espique n-esta lingua mais ó alcance da intelixencia dos nenos.

b) Empregado alternando co castelau, favorece a memoria compicativa.

c) Facilita o ensino do castelau pol-a comparanza das dúas linguas.

d) Influye na formación dos sentimentos: Primeiro: porque é un meo d' *erguel-o* sentimento da Terra.

Segundo: polo que influye na educación do carauter o seu xeito especial, doce, soave; polo-a *sua musicalidade*.

5.º Derradeiras: ninguén pode poñer en duda a ventaxa grande de poseer dous idiomas en troques de poseer un só. Non imol-os galegos perder estupidamente esta ventaxe, esquecendo a nosa lingua materna. Ora, estas dúas linguas que nós temos, pásalles:

A *oficial* (castelau) é unha das que se falan por maior número d' almas no mundo. Ela ábre nos todol-os países da fala castelá.

A *nosa* (galego) na sua forma portuguesa-galego e portugués son dous dialeitos d' unha mesma lingua—é unha das mais estendidas polo mundo, mais aínda qu' o castelau. Ela ábre nos todol-os países da fala portuguesa.

Tontos seríamos se perdéramos unha d' estas poderentes armas de loita pol-a vida e de formación de cultura. O galego pode co' elas, abarcar dúas civilizacións.

Pol-as razóns devanditas, o galego debe entrar na vida escolar.

O menos que se pode faguer n-este senso é:

a) Non prohibire ós rapaces o falaren galego. Iles poderán falalo nos seus xogos, nas suas conversas, hastra responderen en galego ás preguntas do escolante. Iste pode dar eixemplo dirixíndose a eles, polo menos algunhas veces na nosa lingua.

b) Ó insiníare a lingua e gramática castelá, faguer comparanza co'a lingua e gramática galega, faguendo notar ben as somellanças e as diferenzas antr' os dous idiomas, maneira de qu' os rapaces adprendan a falar verdadeiro castelau e verdadeiro galego, e non galego misturado de castelau, ou un castelau que é galego literalmente traducido.

c) Faguer tres veces ou mais á semán, polo menos, leuturas de poesías e de prosas galegas, ben escolleitas pra leeren os rapaces e debidamente graduadas.

d) Estas leuturas—coma total-as leuturas escolares—deben ser espicadas e comentadas. Con ocasión d' elas, o escolante pode dar ós nenos unhas nociós de literatura galega e falar-lles das vidas dos autores de mais nota.

e) Cos rapaces mais adiantados—os dous últimos grados—xa se pode dar-lles unhas nociós de gramática galega y-hastra poñer-lles algunhas veces exercicios de redución e composición en lingua galega.

VII O ENSEÑO DAS COUSAS DA TERRA

O primeiro é coñecer ben cada un o seu país. Isto non admite discusión; isto é dogmático na pedagogía moderna.

Un ensino verdadeiramente galego, debe comprender:

Xeografía de Galiza.

Estoria de Galiza e vidas de galegos ilustres.

Língua e literatura galega.

Arte galega.

Ciencias e disciplinas prácticas (agricultura, industreas, labores, traballos manuais, etc., etcetra), con aplicación á nosa Terra.

A) **A Xeografía de Galiza.**—Seu valor istrutivo: Teoricamente:

1.º Dónanos o coñecemento do que é unha *razón xeográfica* (conceito fundamental na xeografía moderna).

2.º Vemos nela a aplicación concreta de todol-os coñecementos de xeografía xeneral, que d' iste xeito s' atopan na realidade palpabel e inmediata.

3.º Sirve de preparación pra suxeril-o remoto por meo do próisimo, de modelo, de termo de comparanza pra total-as outras rexós xeográficas que s' estuden.

4.º É a base de todo o demais que un galego teña que saber tocantes á sua Terra.

Practicamente: o estudo da Terra galega pra sabermol-o partido que podemos sacar dos seus recursos naturais, pro noso milloramento económico e social.

Seu valor educativo:

Pr'a crianza do sentimento galego, pra lles dar ós rapaces o amor da Terra, é indispensable o estudo da xeografía. O home compre que coñeza o qu' ha d' amare.

Métodos: Primeiro de nada, débes' ensináre a xeografía de Galiza, logo a da Hespaña, dempois a Universal.

Galiza debe ser espicada en conxunto, com' unha unidade xeográfica, com' unha rexón natural. Non se debe espoñer a xeografía de Galiza por provincias. As divisións administrativas non son realmente xeografía, senon cousa accidental. Débes' dar preferencia á xeografía científica y-económica.

Débes' empregar constantemente o mapa, con referencias ás cousas vistas (lembranzas de viaxes, excursiós, etc.)

B) **A Estoria de Galiza.**—É o que mais pode contribuir a valorar a Galiza ós ollos dos seus

fillos. Compre que cada y-alma galega se non sinta isolada, senon ligada a unha tradición, á tradición da sua Terra.

Ora, esta tradición non consiste precisamente en feitos polítecicos, senon nos feitos culturais.

A Estoria de Galiza debe ser unha estoria da civilización galega.

Pra esto: as visitas ós moimentos, ós museus, a ilustración das leuciós con proyeuciós, con láminas, con dibuxos.

As vidas de galegos ilustres—d' un gran valor pra educación moral—poden servire de libro de leutura. Ademais, compre qu' o escolante ll' as conte con calor ós rapaces e qu' os poña com' eixemplo dino de louba.

C) **Xa nos temos referido á língua e literatura galega en capítulo aparte.**

D) **Arte galega.**—Esto entra no estudo da Estoria, mais compre faguelo entrar tamén nos traballos manuais e mais nos mesmos xogos.

Hai qu' amostrar-lles ós rapaces non somentel-as cousas qu' a estoria de Arte adprende, senon tamén aquelas artes menores nas qu' o pobo pon o seu instinto artístico e decorativo, ó qu' hoxe se da tanta importancia. Os oxetos d' arte popular, ademais de seren amostrados ós rapaces pra lles faguer aprecial-o mérito que teñen, deben ser postos coma modelos pros exercicios de composición decorativa no ensino do dibuxo e dos traballos manuais

E) **Aplicación das disciplinas práuteicas á nosa Terra.**—O mesmo que dixemos ó falarmos da importancia práuteica do estudo da xeografía de Galiza. Hai que dar preferencia ás cousas qu' han ter aplicación eiquí, e que podan servir pró noso milloramento económico.

N-esto a escola pode faguer unha outa obra social procurando pol-a conservación y-o milloramento das nosas pequenas industreas rurais e caseiras, y-hastra adautando outras novas do mesmo xeito que sexan axeitadas á nosa maneira de ser.

**

Eis un programa minemo d' ensino primario galeguista, qu' a iniciativa filantrópica de cantos bós galegos sosteñen escolas na nosa Terra, pode moi ben acoller e levar á práuteica, faguen-do co' elo un inmenso ben á nosa Santa Galiza.